



A RADIO RECURSOS





- 1.O VALOR DA RADIO
- 2.EMISIÓN EN DIRECTO (*STREAMING)
- 3.PODCASTS
- 4.AUDIOLIBROS
- 5.RADIOTEATRO
- 6.PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL

O VALOR DA RADIO

POR QUÉ É TAN IMPORTANTE A RADIO NA ESCOLA?

- Transversal
- Competencias comunicativas
- Colaborativa e inclusiva
- Medio de expresión
- Proxección pública
- Empoderamento d@s participantes
- Desenvolvemento de proxectos



ESCOLA

- Diario
- Participación
- Creación de hábitos
- Non gravación

EMISIÓN EN DIRECTO!

- Programa directo na escola



STREAMING

- Streaming a través de Zeno.fm



- Programas puntuais
- Máis traballo producción
- Gravaranse



ESCOLA

Xenérico

Canción do día

Novas do Centro

Concurso

Felicitacións

Cine

Chistes

Lectura

Adiviñas&Refráns

Curiosidade do día

STREAMING

Tema especial

Introducción

Consellos

Presentación *Tema

Opinión

Información básica

Despedida *Tema

Curiosidade

Emprazar ao seguinte

PODCAST

O podcast é moi recorrente e versátil.

Non ten duración mínima nin máxima. Cunha soa cara dun folio podemos facer un podcast de 5-6 ´de duración.

Podemos tratar todos os temas que queiramos. Datas especiais, celebracións, efeméride, temas da materia, repaso final á avaliación, uso de diferentes linguas, pedir traballos en podcast...



TEMAS

- Unidade temario
- Letras Galegas
- Día da Paz
- Entroido(Magosto
- Nadal / Ramadán
- A contorna
- Lendas e Contos
- Novas Centro
- Saídas do Centro
- Actividades
- Patrimonio Cultural Inmaterial
- Entrevistas
- Propostas

ESCALETA

- *Sintonía
- Entradiña
- *Sintonía
- Presentación
- *Música/Separador
- Información ****
- *Música/Separador
- Opinión
- *Sintonía
- Despedida
- *Sintonía
- *Música ou Efectos

AUDIO E LIBROS

BOOKTRAILER

TRABALLO FINAL

COLABORACIÓNS

Léches un libro para clase?

Agora fas un podcast como traballo final, con resumo, explicación, opinión e, sobre todo, interpretación dalgunha parte do texto..... a que máis che gustou.

Gustouche?


Fai un booktrailer para recomendalo. Lectura interpretada, sinópsse e opinión.....

Gravade un audiolibro, e enviádello á Biblio Municipal, Centros de Día, Residencias de Maiores, etc.....




RADIOTEATRO

- Achega do teatro ao alumnado
- Preparación do guión
- Casting de voces
- Gravación en colectivo
- Edición
- Emisión especial
- Reescritura de guión
- Interpretación
- Elección banda sonora
- Posibilidade de uso de efectos de son
- Subida á web do centro.



LEMBRA!



ESCALETA

BÚSQUEDA
INFORMACIÓN

ESCRIBE
IMPORTANTE

CONVERTE
EN GUIÓN

BUSCA
SINÓNIMOS

O primeiroño sería facer unha escolma do tema a tratar. Buscamos información e anotamos o que queremos plasmar no guión. Comezamos coa escritura do guión, e buscamos sinónimos para enriquecer o podcast e a nosa linguaxe. E agora facemos a escaleta, buscamos sintonía, músicas e efectos a utilizar. E antes de gravar.... a ensaiar, a ensaiar, a practicar.... e por fin a gravar! E xa tes o teu podcast feito, parabens!

Xa só queda subilo a plataforma para que te escoite todo o mundo!!!!

Respiración!!!

A respiración é fundamental para poder projectar a nosa voz.
Lembra, respiración diafragmática.
Que senón non se che escrita!



Escribir

Lembra que non é o mesmo escribir para escoitar que escribir para ler!
Frases curtas, suxeito e predicado.
Frases sinxelas e explicativas!!

Usa a túa voz!!!

Vocaliza

Esa dicción.... que non se che entende.
Lembráche de facer o exercicio das vogais e do lápiz?

Interpreta!

Que estás a facer?
Interpreta!
Que isto non é unha letanía que vai polo baixo... que se che ten que entender e comprender! Dalle ritmo!

Vocalización



Neboeiro é un lugar coma outro
calquera, pero baleiro. Un carreiro
flanqueado por eucaliptos leva á casa
da miña avóa.

1

Ritmo

Lembra que non hai nada máis aburrido que escoitar todo ao mesmo ritmo.

Lento, normal e rápido son os cambios mínimos na lectura...

Úsaos!

2

Intensidade

Aprende a xogar co cambio de intensidade na túa lectura.

Todo é intensidade.

Alta, baixa, media...

Implican as notas emociós, é a forza da voz.

3

Ton

Hai personaxes nesta lectura?

Pois temos dereito a distinguir as voces, a non confundirnos... é preciso unha voz a cada personaxe, ata quen fai a narración....

Ton grave, medio ou agudo! Tí elixes!

Lectura avanzada

Eneson ayelmado tripolio... te
ademenos xa satén... soca. Rexosando
unha mazoca.. ti boen proapsa. E por
un cameto horadra... o raire con neus
amitrófica... aconbrollantes
bocinomias. Poto seguxla.. veo se
flamenca las mecochas..., pedre a
bosa sin alanchufarse... na
contragofia. Calúmeno sigmantelo.






LOCUCIÓN DOCUMENTAL - COMO SE FAI?

“Morgan Motor Company” fabrica coches en Inglaterra dende fai máis de 100 anos. Foi fundada en 1910 por Henry Morgan. O primeiro coche que fabricou foi un vehículo de tres rodas, ao que bautizou “Run About”. O coche era lixeiro, divertido á hora de conducir e barato, o que o convertiu no máis asequible para o público en xeral. E eran rápidos, en 1914 xa conseguira dez récords británicos e mundiais. Fixéronse tan famosos e tan rápido, que tiveron moitos problemas para satisfacer a demanda.




| TEMPO | SUCEDE | QUEN FALA | QUE SE DÍ..... |
|-------|------------------------|-----------|---|
| 6" | ENTRADA | | * Mellor que sexa música instrumental |
| 4" | ENTRADILLA | | Un coche de tres rodas, foi o inicio de toda unha industria automobilística. “Morgan Motor Company” |
| 3" | EFFECTOS OU MÚSICA | | sintonía que busquemos para o noso programa.... baixar volume e deixar por debaixo un chisquiño de tempo.... |
| 10" | PRESENTACIÓN | | Ola, son/somos e ... e no programa de hoxe, lembraremos a figura de Henry Morgan. Todo un loitador, un ilusionado emprendedor. |
| 3´ | INFORMACIÓN | | Foi no 1910 cando comezou a súa carreira automobilística. “Run about” foi o seu primeiro éxito. Un coche de tres rodas, lixeiro, divertido á hora de conducir, e barato. E eran rápidos, nos primeiros 4 anos xa establecera 10 récords mundiais. |
| 5" | EFFECTOS OU MÚSICA | | Un tema ou efectos de son.... |
| 30" | OBSERVACIÓNS | | Non nos resulta alleo que fose un dos coches máis vendidos naquela época. Así, con tanta fama e tan boas referencias, Morgan Motor Company tivo moitos problemas para poder satisfacer a demanda. |
| 5" | MÚSICA DESPEDIDA | | Sintonía despedida.... baixar volume e deixar que se escoite por baixo mentres damos a despedida.. |
| 10" | DESPEDIDA OU COLETILLA | | E isto foi o que che contamos, se queres saber máis, agarda polo seguinte programa , a ver que preparamos... |
| 10" | MUSICA FINAL | | Volvemos subir o volume da nosa sintonía... |

- 
- De qué quieres falar?
 - Busca información
 - Pasa a información pola peneira
 - Busca músicas e efectos para acompañar
- 

- 
- Escribimos o guión
 - Buscamos frases, sinónimos...
 - Preparamos escaleta
 - Ensaiamos
 - Gravamos

- Angelita Ruíz Robles, mestra en Ferrol.
- Solicitou a patente da enciclopedia mecánica.
- Parque de Artillería de Ferrol.
- Lixeira, so pesaba 50 gramos.
- Chea de información.
- Manexable, a través duns botón accionaban unhas bobinas automáticas.
- As bobinas desprazaban distintas fichas de información, en láminas impresas.
- A máis económica do mercado.
- Accesible e fácil de transportar.
- Podía construír frases e citas.
- Con calculadora.

- 
- Sabías que wikipedia, google e o ebook puideron saír do Ferrol?
 - Ola, somos e imos falar de Angelita Ruíz.
 - O 7 de decembro de 1949 foi solicitada a patente da enciclopedia mecánica. A precursora da wikipedia, google e o ebook xuntos.
 - Que pena que unha persoa desa importancia quedase no esquecemento. Menos Sálvame e máis divulgación.
 - E se queres aprender, busca.. que a información á túa mente non a van traer...
-

LOC 1

Entretemento e coñecemento na hora do esparcemento.
Un momento onde aprender e pasalo ben é posible!

LOC 1

Ola, somos e hoxe temos un programa cheo de sorpresas, risas e como non, unha morea de cousas interesantes. Comezamos!

LOC 2

Para comezar non vai nada mal darlle voltas á cabeciña, e tratar de acertar esta adiviña: “Ten lombo e non anda, ten follas e non é planta, e sabe moito e non fala” Que será? Pensádeo un momento...
Un libro! Sabiádelo? Pois se non o sabiades, agora xa si.

LOC 3

E agora un refrán: “Quen calar non sabe, falar non debe” Isto significa que moitas veces é mellor calar o peto que dicir o que non debemos.
“En boca pechada non entran moscas” Toma, aí che vai outro igual!

LOC 4 Que che parece se agora falamos de cine ou de series ou de debuxos..?
Aquí che traemos unha recomendación: "Kitti Katz"
Tres adolescentes transfórmanse en valentes superheroínas felinas.

LOC 5 Loitan para salvar o mundo dunha malvada deusa exípcia.
E aínda lles queda tempo para xogar ao fútbol! Podédela ver en Netflix.
E sabes o mellor de todo? está en galego!

LOC 6 E se falamos de cine, non nos podemos esquecer da lectura. Ler, ese
inmenso pracer que te fai viaxar coa imaxinación e vivir aventuras
incríbles. Desta vez ímosche recomendar un conto: "A araña que lles tiña
medo ás arañas".

LOC 7 Un conto que nos leva de aventura. Unha pequena araña comeza
a explorar o mundo e, no camiño, vaise atopar cunha enchenta de bechos
moi, pero moi distintos a ela. Como rematará? Se o final queres
saber, o conto vas ter que ler. Un conto de aventuras e moito humor..

LOC 8

Non nos imos esquecer dos videoxogos, "Minecraft" é unha opción xenial. Un xogo onde podes construír o que queiras e deixar voar a túa creatividade. E tamén temos o Brawl Stars, toda unha aventura. E se te pensas moi listo ou lista... proba co Trivia!

LOC 9

E agora unhas curiosidades:

Sabías que en Suíza non podes ter unha coballa? Porque tes que ter dúas. Si, tan só se poden ter por parella...

Dóече a barriga? Pois toma kétchup. Si, o kétchup vendíase coma un calmante para a indigestión no 1834.

LOC 10

Sabías que? A tortilla francesa inventouse en España, e as croquetas en Francia. Mira ti, que cousa curiosa!

E ti es listo ou tes a cabeza para suxeitar as orellas? O 80% da túa intelixencia é herdanza da túa nai. Así que si non es un chisco intelixente, a culpa é de teu pai... jejeje.

Que vos parece que fagamos unha parada para falar de feminismo?

LOC 11

Por que lle hai que dar un bico a unha muller? Á muller tamén se lle pode dar a man. Sabes que? Dalle un bico a un home e lle sorrille a un descoñecido e estarás facendo igualdade, pero como non o fas así, entón, sinto dicircho, pero iso é machismo. Así que, vai aprendendo!

LOC 12

Que tal agora un repaso sobre a diversidade?

Sabes que? Se no campo de fútbol non che gusta como xoga, aínda que non deberías, como moito chámalle malo ou paquete, pero non te metas coa súa cor de pel ou a súa condición sexual.

LOC 13

Non lle chames inmigración ilegal, nada máis queren un futuro mellor, coma ti. Non uses as palabras chinés, portugués ou francés despectivamente... tan só son adxetivos que indican a súa procedencia. Trata aos demais, como che gustaría que te trataran a ti!

LOC 14

Que? Sabías algunha destas curiosidades que che contamos? Non? Si?
Que curioso é este mundo, non si? Nós, seguiremos contándoches cousas interesantes.

E para despedir, un chisquiño de humor:

LOC 15

Que fai un can cun taladro? Ta-Ladrando!
Que fai unha abella no ximnasio? Zumba!
Porqué non se pode falar cun DJ? Sempre están a cambiar de tema!

LOC 16

Gustouvos o programa? Pois mañá mais, e despedímonos coa pregunta do concurso. A ver quen o sabe, cales son os 3 países que non teñen Coca-Cola? Se o sabes deixa a túa resposta no noso buzón. Quen acerte elixirá a pregunta do próximo concurso.

LOC 14

Chegamos ao final do noso programa, con tanto éxito coma A Panorama!
E lembrade, sempre hai que atender, nunca se sabe o que imos aprender!



E isto foi todo!

Precisas algo máis? Contacta conmigo.

damianalonso@me.com
607.791.849

